



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

### (1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

A EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

A Resolución da Escola Galega de Administración Pública de 10 de maio de 2023 (DOG núm. 96, de 23 de maio) pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas establece na base primeira, punto 2 e 3 que, tendo en conta os convenios que se subscriban para este efecto, poderá participar nas actividades que convoque a EGAP o persoal ao servizo doutras entidades, organismos e empresas públicas así como as persoas pertencentes a outros colectivos de interese para a Administración, cando así se estableza nas respectivas convocatorias.

Que Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia (DOG núm. 222, do 18 de novembro) e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro (DOG núm. 9, do 13 de xaneiro), polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento





dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Para desenvolver adecuadamente estas funcións é preciso proporcionar a formación adecuada ás persoas que realizan as súas competencias profesionais en Augas de Galicia, de maneira que poidan ofrecer un servizo de calidade á cidadanía.

## **(2) Obxecto**

O obxecto deste convenio entre Augas de Galicia e a EGAP é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

## **(3) Finalidade**

Augas de Galicia e a EGAP adquiren os compromisos previstos no convenio e, en concreto, na súa cláusula segunda.

## **(4) Impacto económico**

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos de vixencia deste convenio.

A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e cos seus medios persoais e materiais.

## **(5) Carácter non contractual**

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

## **(6) Vixencia**

Para os efectos sinalados, formalízase con Augas de Galicia un convenio por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por todas as partes ata o 31 de decembro do 2028, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu





termo, coa posibilidade de prorrogalo segundo o sinalado na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización deste instrumento para articular as relacións entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a EGAP para a a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os seus principios para resolver posibles dúbidas e lagoas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria da EGAP,

Sandra Docampo Ramos

